

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac3217822753590536281.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS: IMPLANTACIÓN RECOLLIDA SEPARADA BIORESIDUOS NEXTGENERATIONEU

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de investimentos - Modificación Plan de Invetimentos, TC 37-2025 para dar cobertura á aportación municipal da solicitude de subvención para a contratación do subministro de contedores de residuos para a vía pública, ao abeiro da "ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cocíña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T)", faise necesaria unha modificación do plan de investimentos que implica transferencia de crédito competencia desta Alcaldía.

Vistos igualmente os documentos e informe que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2025/1567, do 16.10.2025.

Tendo en conta que as circunstancias que se poñen de manifesto polo xefe do servizo de medio Ambiente, o 15.10.2025 e dado que ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación do plan de investimentos do exercicio 2025, que implica ademais unha transferencia de crédito da mesma área de gasto, por un importe global de 34.419,30 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E APLICACIÓN QUE CEDE</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIAS</u> <u>QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
25XX0017 "Refuxio de animais municipal"		25MRR17001 "Implantación recollida separada bioresiduos NGEU"	
17000.62200	34.419,30 €	17000.60900	34.419,30 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	34.419,30 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	34.419,30 €

INTERVENCION

LVP/ccg

Refº: ispac3217822753590536281.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.